



NARÓN

Datos do Expediente:

PROCEDEMENTO ABERTO	
Unidade Tramitadora:	
Contratacion e Obras Publicas - IMG	
Número expediente:	Documento:
CON/26/2019	CON1310U7
5C3V3J3C6X3C69450XGO	

Espazo reservado para o numero de resolución
Non utilizar

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Visto o informe emitido polos servizos de Intervención e Tesourería que versa sobre a necesidade da contratación do servizo de mantemento e actualización do programa de contabilidade, recadación e xestión tributaria que actualmente utilizan os traballadores destes servizos e que literalmente di:

“1º.-DESCRIPCIÓN DO OBXETO DO CONTRATO

O obxecto do contrato é o mantemento dos programas informáticos “Spai Ingresos” e “Spai Sical” que comprenden os servizos seguintes:

- a) Xestión tributaria
- b) Recadación voluntaria
- c) Recadación executiva
- d) Contabilidade pública local

As características dos servizos a prestar son os seguintes:

- A) Soporte ao Concello de Narón , que se concreta en: asistencia telefónica e mantemento segundo o detalle que consta no prego de prescricións técnicas.
- B) Actualización do software na parte que corresponda a cada un dos produtos que se pretenden contratar segundo as especificidades do prego técnico.

2º.-XUSTIFICACIÓN DA NECESIDADE DA CONTRATACIÓN

As necesidades da contratación veñen xustificadas en:

Emprego dun sistema único para a xestión e recadación dos ingresos municipais que garante a unidade de tratamento, e a integridade de información e da xestión.

Conforme ao establecido na Instrución do modelo normal de Contabilidade Local, na regra 39 establécese o deber de conservar durante un prazo de seis anos, contados dende a data de remisión aos órganos de control externo das contas anuais, en soporte informático as correspondentes operacións e anotacións contables.

3º.- IDONEIDADE DO OBXETO E CONTIDO DO CONTRATO PARA SATISFACER AS NECESIDADES QUE PRETENDEN CUBRIRSE



NARÓN

O contrato que se pretende realizar é axeitado co fin pretendido que consta no apartado primeiro de acordo coas especificidades do prego técnico.

4º.- DURACIÓN DO CONTRATO

O prazo de execución do contrato determínase nunha duración inicial de 2 anos con posibilidade de prórroga dun ano.

5º.- IMPORTE MÁXIMO DE LICITACIÓN

5.1.- ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN SPAI SICAL

O orzamento base de licitación é de 5.203,00 euros/ano (21% IVE INCLUIDO).

5.2.- ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN SPAI INGRESOS

O orzamento base de licitación é de 10.672,20 euros/ano (21% IVE INCLUIDO).

6º.- APLICACIÓN ORZAMENTARIA DE IMPUTACIÓN

A aplicación orzamentaria de imputación é a 9310/22799.

7º.- RESPONSABLE TÉCNICO DO CONTRATO

O responsable técnico do contrato é o Xefe do Servizo de Intervención e Facenda.”

No ano 2014, foi contratada a empresa UNIT4 Business Software Ibérica SAU, mercantil, por un prazo de catro anos, o mantemento e actualización do programa informático descrito con anterioridade neste escrito. A licitación do contrato descrito, foi realizada mediante procedemento negociado sen publicidade dado que a propiedade intelectual do programa e das súas aplicacións de desenvolvemento pertence a indicada empresa.

No ano 2016, Unit4, transfíre a súa rama de negocios “Administracións Públicas” á empresa Spai Innova Astigitas S.L., subrogándose ésta, o contrato asinado con este Concello para o mantemento da aplicación informática de contabilidade e ingresos.

Valor estimado do contrato 39.360,00 euros.

En relación co establecido na cláusula adicional terceira apartado 3 da LCSP, a prestación do servizo de referencia, áchase incluída nos orzamentos de 2019,



entendese pois que non se produce modificación algunha no informe de avaliación de cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e financeira nin da regra de gasto que figura no expediente de aprobación do referido documento.

Estamos perante un contrato administrativo de servizos, que se adjudicará mediante procedemento negociado sen publicidade, ao tratarse dun contrato con provedor único, segundo se xustifica no parágrafo anterior e por tanto é de aplicación o artigo 168.2 da LCSP.

Estamo perante dun procedemento negociado sen publicidade pola existencia dun so provedor, onde non cabe a publicidade polo que a división en lotes para unha maior participación de empresas sería incongruente.

Por todo o exposto, esta alcaldía vén **RESOLVER**:

PRIMEIRO.- Que se inicie o expediente de contratación da prestación de servizos de mantemento e actualización de aplicación informática “Spai ingresos” e “Spai Sical”.

SEGUNDO,- Que por parte dos servizos correspondentes se emitan informes sobre o procedemento a seguir, así como da porcentaxe que supón esta contratación en relación aos recursos ordinarios do orzamento vixente, para os efectos de determinar o órgano competente para contratar.

*Ante min.
(Dou fe da identidade do asinante)*